

A dor en cada célula

Fidel Vidal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VIDAL, FIDEL (2011 [1996]). “A dor en cada célula”. *Luzes de Galiza*: 28, 31.
Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/571>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VIDAL, FIDEL (1996). “A dor en cada célula”. *Luzes de Galiza*: 28, 31.

* Edición dispoñíbel desde o 4 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A dor en cada célula

FIDEL VIDAL



Hugo Simberg

«Quem não nos deu amor não nos deu nada»

João Rui de Sousa

Andamos todos na mesma aventura do desexo: espertar a tempo na morte coa dor aliviada. Na resurrección polo amor e pola palabra, que en si mesma é xa resurrección. E non hai outra palabra que a palabra de amor: **Contra a morte o amor que vai comigo**¹. A vida sen delirio é media vida, e ti, Lois, infeliz/feliz exemplo vivo desde a irresistible sabiduría da morte, cargado de dores e de febre pola sede de soñar, igual que Raymondo Carver, conseguiches o que querías desta vida: «Considerarme amado, sentirme amado nesta terra». Porque a vida, saber o que é a vida, saboreala, desde o principio até o final, non é máis que eso, aquí os teus versos: **Saber dunha vez o que era a vida / amar e ser amado**. Entón o alento, a existencia, coa ficción da morte dando voltas, na súa ineficacia de asustador de nenos, sempre a carón do que sofre de ser de conciencia e de chaga de enfermidade, faise eterna polos corpos que se queren e desexan: **por Ela, Ela e Ela / á miña beira sempre, e eu nelas / e a todas Elas, as que foron, son e serán / obxeto e causa / deste amor que resucita ilimitado**.

Mesmo inferno, eu son o outro, e con máis razóns se ese outro es ti, cada molécula a vivir intensamente, na intensidade da dor e da caricia, na constante reclamo daquel baixo de mornas humidades: **Canta o desexo. E eu, agora, / feliz de seguir vivo. Je t'aime**. Combater a dor coa amizade que protexe e a enfermidade co amor que cura, ese amor que se sente e que se fala, o amor que se di: **E finalmente dixo que pensaba en min / e me quería. Iso era certo**. Fartura e xenerosidade deste home de palabra, de palabra dada, do verbo regalado de poemas, esforzándose cada hora, cada minuto, en se manter elegante, mesmo na derradeira agonía do último hematíe, para facer un aparte no Amor malia o Peor que el escollera. A elegancia, a pesar das formas, persiste no miolo. E aquí andan os meus abertos e sorprendidos ollos que son os teus que sobrevoan, palpando amores e querer, porque canta o desexo, e é nel, no cantar, que sobrevives, desde o teu abondoso ofrecimento da palabra, pola escrita, en ti e en todos nós. Non hai dúbida que andamos a tocar fondos e fonduras, que arribamos á certeza irrenunciábel do saber. Porque o que hoxe é, ou foi, felizmente será: **E aínda así hai máis vida de onde saíu esta, á que roubarlle palabras de amor e morte**.

¹ Todos os versos que se citan pertencen a *Poesía última de Amor e Enfermidade 1992/1995*, Lois Pereiro, Edicións Positivas, Santiago, 1995.